


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

9-10 de setembro do 2023

XXIII ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

O final do evanxeo que hoxe imos proclamar dá a razón do noso compartir en comunidade, pois o mesmo Xesús nos di que cando dous ou tres nos reunimos no seu nome, El comparte á nosa beira. Irmáns, hoxe, e sempre.

Cristo está con nós, non nos deixa da súa man, é o Irmán que nos acolle e que nos convida a acoller dende o perdón, dende a gratuidade, dende o facer da fe un camiño en comunidade.

Compartir como parroquia é deixarnos aconsellar por Xesús, é escoitalo, é descubrir o que necesitamos cambiar na nosa vida, e é axudar aos demais a descubrir en que poden mellorar as súas vidas.

Hoxe compartimos dende a dor que nos deixa a ferida do terremoto en Marrocos. Celebrámolo con Xesús.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A vida dinos que vale a pena compartir con todas as persoas de ben, persoas que acollen e teñen tempo para os demais, persoas dispostas a perdoar e a pedir perdón. Agora, da man de Xesús, celebramos o perdón:*

Monitor/a

- Queremos pedir perdón, porque recoñecemos que o pecado ten parte na nosa vida. Señor, perdoa o noso pecado.
- Queremos pedir perdón, porque nos é doado criticar o que os demais fan, e non nos atrevemos mellorar os nosos feitos. Cristo, perdoa o noso pecado.
- Queremos pedir perdón, porque desconfiamos e nos costa crer no perdón dos demais. Señor, perdoa o noso pecado.

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Busquemos, no silencio, o encontro con Deus e presentémoslle as nosas intencións para esta semana. Recordamos con dor o que está pasando coa paz, e a ferida que deixa o terremoto.*

(*silenzio*)

Celebrante:

Deus santo, que nos redimiches e nos adoptaches coma fillos e fillas, mira con bondade a esta túa familia, á que tanto amas, e fai que cantos cremos na Palabra do teu Fillo, academos a liberdade e a paz que non ten remate.
Por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(**sentad@s**) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O amor é a plenitude da lei, dinos o apóstolo San Paulo. Pero o amor sen obras está morto. Teñamos presente que mostramos o noso amor nos feitos de vida que temos con respecto aos nosos irmáns e dun xeito especial cos máis necesitados.*

O noso amar mídese no ben que lle fagamos aos demais, o noso amar é na medida en que o fagamos crible, por iso cando dous ou tres nos reunimos no nome de Xesús, El faise no medio de nós. Escoitámolo agora na Palabra de Deus.

Leccionario I A páx 248 **Ro 13,8-10**

LECTURA

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

A ninguén lle debades nada, fóra de amarvos uns a outros, porque o que ama o próximo, ten cumprida a Lei. Porque o non adulterarás, non matarás, non roubarás, non cobizarás e todos os outros mandamentos, resúmense nestas palabras: amarás ao teu próximo como a ti mesmo. Quen ama o seu próximo non lle fai mal. Verdadeiramente, o amor é o pleno cumprimento da Lei.

Palabra do Señor

♪ n°3 *Unha xuntanza de amor*

SALMO

(en pé) *Leccionario I A pág 249 Mt 18,15-20 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Se teu irmán peca contra ti, vai e repréndeo; pero ti só con el. Se te escoita, conquistaches o teu irmán. Se non te escoita, leva contigo un ou dous, para que por medio de dúas ou tres testemuñas quede resolto o asunto. Se non vos fai caso, dillo á comunidade; e se tampouco lle fai caso á comunidade, sexa para ti como un pagán ou un recadador de impostos.

Asegúrovos que o que atedes na terra será atado no ceo, e o que desatedes na terra será desatado no ceo.

Asegúrovos tamén que se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguiranlo do meu Pai celestial. Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio estou eu.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Neste encontro parroquial, deixándonos guiar pola luz da fe, deamos resposta do noso credo compartíndoo cos demais:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus, no Deus que é Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe e que nos ama, e que pon nas nosas mans a facer xa na terra a súa comunidade de amor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, que nos convida a ser vida para os demais, que nos alenta a camiñar sendo responsables uns dos outros?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo, que se fai realidade no noso corazón e que o enche de amor para que vivamos en comunidade como verdadeiros irmáns?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, comunidade dos fillos de Deus, que quere ser luz na escuridade, esperanza na tristura, e ilusión para lograr un mundo mellor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe, hoxe queremos rezar cos homes e mulleres que non atopan respostas e que se sinten sós. Reazamos tamén ante a destrución que deixa o terremoto en Marrocos. Rezamos dicindo:*

Señor, escoita ao teu pobo

Monitor/a:

✓ Pedimos polas persoas que teñen demasiado orgullo como para pedir perdón, oremos

✓ Pedimos polas persoas que sofren os abusos dos demais e reclaman paz, xustiza, dignidade, oremos

✓ Pedimos polas persoas que teñen responsabilidade na Igrexa, nos gobernos, nas institucións civís, que axuden a construír un mundo mellor para todos, e non só para uns poucos, oremos

✓ Pedimos polas persoas voluntarias en proxectos humanos, que cos seus feitos nos sigan dando exemplo do que verdadeiramente importa, oremos

✓ Pedimos pola nosa comunidade de Os Cotos, para que nas palabras e nos feitos amosemos que Xesús está tan á nosa beira como á beira está de Marrocos, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de escoitar e facer vivo o evanxeo, Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús nin aparta, nin se aparta, ao contrario, achégase e non foxe da dor. El fala de dar unha man e compartir. A nosa oración non é para fuxir das dores, é para amosar a confianza no Deus Pai que sempre está á nosa beira, aínda en momentos tan duros coma os que agora viven en Marrocos:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ofrecer a nosa axuda para perdoar, acoller e ser acollidos. Con corazón de irmáns e irmás que se aman, e na coherencia con Xesús démonos a paz.*

♪ n° 36 *Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa da Eucaristía é querer estar á beira de Cristo; é comprometer a vida en construír un mundo que sexa todo el esforzo por dar vida e dignidade a todas as persoas.*

El está á nosa beira, e por iso, ditosos nós convidados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 58 *Achate presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, coa túa Palabra e co pan da vida, nutres e das vida a cantos cremos en Ti.

Que estes dons nos sirvan de proveito, de xeito que nos contaxiemos do vivir do teu Fillo.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Xesús, á nosa beira, espera que deamos exemplo del nas palabras que non calan ante a falta de dignidade na que vive moita xente,

e, á nosa beira, espera que deamos exemplo del no feito de dar unha man para unha humanidade fraterna.

*Que a celebración que agora rematamos nos achegue
ás persoas e aos pobos que sofren en Marrocos.*

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

Podémonos ir en paz



Para ser crentes só temos que ser cribles

*“Se dous ou tres nos reunimos no nome de Xesús,
El faise presente no medio de nós”
Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe*